

Servizo de organización e xestión de Actos Institucionais para a Unión de Cooperativas EspazoCoop.

Condicións de contratación.

OBXECTO DO CONTRATO

Convócase unha oferta de contratación dun servizo de organización e xestión de Actos Institucionais, os días 7 e 8 de novembro de 2022, nas cidades de Santiago de Compostela e A Coruña, e no Pazo de Mariñán (Betanzos).

Esta iniciativa desenvólvese no marco do Convenio de Colaboración que EspazoCoop ten coa Deputación de A Coruña. Ademais farán parte das actividades da Capitalidade da Economía Social 2022, concedida á cidade de Santiago de Compostela.

PROCEDEMENTO

Procedemento aberto e simplificado de adxudicación para as cooperativas socias, non socias, empresas de economía social e calquera empresa interesada.

CONTRATANTE

A Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop.

CONTIDO DO SERVIZO

O servizo ten por obxectivo a contratación dun servizo de organización e xestión de **Actos Institucionais** nas cidades de **Santiago de Compostela e A Coruña**, e no Pazo de Mariñán en **Betanzos**, os días **7 e 8 de novembro de 2022**, en coordinación coa Confederación Española de Cooperativas de Traballo Asociado (Coceta).

Os Actos contarán coa asistencia de representantes das organizacións territoriais que fan parte de Coceta. A presenza de representantes españois e galegos do cooperativismo, ao seu máis alto nivel, está prevista para a celebración dunha **Reunión do Consello Reitor de Coceta en Galicia**, sendo unha oportunidade única para reforzar **distintos actos institucionais e de apoio ao cooperativismo**, por parte de distintas administracións públicas.

Nas actividades participará tamén o Consello Reitor de EspazoCoop e cóntase co apoio do servizo de comunicación institucional da entidade.

O servizo contempla as seguintes prestacións:

+ **Programación** en coordinación con EspazoCoop, planificar as actividades e tarefas para a organización dos actos institucionais, coordinación cos gabinetes de protocolo para garantir o calendario diario de actos. Reunións de programación e control de seguimento da actividade.

+ **Deseño e creación da imaxe** que identifique as distintas actividades, para aplicar a material documental, invitacións oficiais, materiais para sesións fotográficas e reunións.

+ **Edición de materiais publicitarios** coa imaxe dos actos (roll-up, cartón pluma...) e de outros materiais de visibilización do cooperativismo reutilizables para outras actividades.

- + **Equipamento e preparación do espazo** no que se reunirá o Consello Reitor de Coceta (previsiblemente o Pazo de Mariñán. Betanzos).
 - + **Xestión desprazamentos e loxística** das persoas asistentes aos actos, en coordinación con EspazoCoop e Coceta para garantir unha correcta atención ás persoas de fora de Galicia: chegadas ao aeroporto, aloxamento e manutención. Tamén a xestión e aluguer de transporte para desprazamentos o martes 8 de novembro (Santiago-Coruña-Mariñán-Santiago).
 - + **Apoio á área de comunicación** de EspazoCoop e Coceta, se é o caso, e coordinación de imaxes e materiais específicos dos actos.
 - + **Xestión e loxística da adquisición de agasallo institucional** con lembranza dos actos para entrega a autoridades e ás persoas participantes dos actos.
 - + **Elaboración da Memoria ou Informe final** da actividade que recolla o proceso e resultados da actividade.
 - + Utilización do galego na redacción e elaboración de contidos e material informativo.
- Estas prestacións detalladas realizaranse **en coordinación con EspazoCoop**.

PRAZO DE EXECUCIÓN

O servizo comezará ao día seguinte da comunicación da adxudicación do contrato do servizo e rematará o 30 de novembro de 2022.

ORZAMENTO

Importe máximo do orzamento do servizo **9.840,00 €** (máis IVE, non incluído).

PREZO DA OFERTA ECONÓMICA

As licitadoras ao formular as súas propostas económicas, incluírán nas mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto deba indicarse como partida independente.

No prezo da oferta económica estarán incluídos todos os gastos que supoña a realización do traballo -persoal, impostos, medios técnicos e materiais, desprazamentos e xestións, entres outros-.

O prezo do contrato non sufrirá ningunha variación ao longo da súa vixencia, nin sequera no caso de que por virtude de disposicións laborais se modificaran os salarios, cotas da Seguridade Social, ou calquera outra remuneración do persoal que se empregue.

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

Cada licitadora non poderá presentar máis dunha proposta. A mesma deberá detallar o importe das partidas que compoñen o prezo total, así como o IVE en vigor, e o importe total en euros.

A proposta económica a presentar por cada licitadora tamén deberá axustarse ao modelo incluído como **Anexo I** deste documento de condicións de contratación.

A oferta tamén deberá conter a xustificación da proposta e a estratexia para a implementación do servizo, na que se definan os obxectivos a acadar, incluíndoas na proposta técnica. Na mesma valorarase o grao de definición e detalle, plan de traballo e programación, grao de innovación e/ou orixinalidade da proposta, adecuación dos recursos materiais e cadros

de persoal ao servizo, melloras presentadas sobre o establecido no apartado "Contido do Servizo".

Cando corresponda, deberá presentarse, ademais, documentación vinculada a outros criterios de adxudicación e melloras:

+ Experiencia profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: Acreditarase cos currículos vitae de cada profesional proposto, debida e individualmente asinados e a correspondente acreditación documental da titulación e/ou experiencia profesional.

O seguro de responsabilidade profesional que cubra cando menos o importe total do prezo do servizo adxudicado, acreditarase con copia fiel da póliza contratada onde figure dito importe asegurado.

+ Proposta Técnica: Recollerase na mesma entre outra información e se é o caso, a porcentaxe sobre o orzamento total de adxudicación do servizo que vai supor a subcontratación con empresas de economía social e solidaria.

+ Medidas de Responsabilidade Social: Acreditaranse a través de documentos como Balance Social; Auditoría Social; Plan de Igualdade e/ou Memoria de Sustentabilidade. O anterior sen prexuízo de solicitar a acreditación da colaboración con outras entidades á entidade que obteña a mellor puntuación.

As ofertas deberán presentarse en formato electrónico a través do email info@espazo.coop, con aviso de recibo, sendo como prazo **até o día 27 de Setembro de 2022 ás 14 horas**.

MESA DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN

A mesa de contratación estará constituída por tres persoas pertencentes á dirección técnica de *EspazoCoop*.

Avaliaranse as propostas recibidas de forma obxectiva e segundo os criterios para a adxudicación do contrato. Proporá a adxudicación a favor da licitadora que maior puntuación obteña polos criterios e melloras incluídas. No caso de empate entre dúas ou máis ofertas, será concedido un novo prazo de tres días hábiles para presentación de ofertas, mantendo os criterios para a adxudicación.

As adxudicatarias e os criterios de adxudicación faranse públicos no espazo da web da Unión habilitado a tal efecto.

No caso de que o órgano de contratación estime preciso verificar a personalidade xurídica, capacidade de obrar, o apoderamento, ou se a prestacións do contrato están dentro do seu obxecto social, fins ou ámbito de actividade, poderá requirir á licitadora para que presente a correspondente documentación acreditativa dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel do envío do requerimento. O mesmo realizarase en todo caso á empresa que obteña a mellor puntuación mediante comunicación electrónica.

CRITERIOS E MELLORAS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Ser cooperativa afiliada a <i>EspazoCoop</i>	4 puntos	Máx. 20%
Ser cooperativa non afiliada a <i>EspazoCoop</i>	2 puntos	
Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción	1 punto	
Experiencia profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: - Experiencia + Garantías da Entidade e Currículo Vitae das persoas socias (3) - Traballos anteriores satisfactorios con EspazoCoop (2) - Cooperativa de nova creación (1)	Ata 4 puntos	Máx. 15%
Proposta Técnica con inclusión de melloras	Ata 6 puntos	Máx. 25%

(Se a proposta é a iniciativa da cooperativa socia resérvase 2 puntos)		
Grao de Intercooperación: - Proxecto de intercooperación con outras socias - Intercooperación en redes: <i>Coop57 Galicia, Reas Galicia, etc.</i> - Grao de participación nas actividades da <i>Unión de Cooperativas EspazoCoop</i>	Ata 1 punto	Máx. 10%
Oferta Económica	Ata 4 puntos	Máx. 20%
Medidas de Responsabilidade Social: Balance Social, Plans de Igualdade, consumo e utilización de produtos e servizos respetuosos coa contorna, Memorias de Sustentabilidade, colaboración con entidades sociais, e aquelas que se propoñan na propia proposta.	Ata 1 punto	Máx. 10%

MELLORAS A VALORAR

Existencia dun seguro de responsabilidades profesionais.

No non previsto no presente prego, aplicarase o contemplado no procedemento interno de contratación de *EspazoCoop*, que poderase descargar na sección de "Transparencia" da web da Unión: [aquí](#)

PROPIEDAD E PROTECCIÓN DOS RESULTADOS DOS TRABALLOS

Todos os materiais, resultados e traballos realizados ao abeiro do contrato pertencerán á *Unión de Cooperativas EspazoCoop*. Os dereitos de autoría e calquera outro dereito de propiedade sobre os traballos realizados, a excepción de aqueles sobre os que exista algún dereito preexistente, pertencerán única e exclusivamente a dita Unión.

CONFIDENCIALIDADE

A licitadora ou adxudicataria deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados no desenvolvemento do proxecto. Así mesmo, queda expresamente obrigada:

- + A utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas nela.
- + A non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei; esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato.
- + A facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial.
- + A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

O pago do prezo do contrato efectuarase previa presentación, por quen sexa contratista, das correspondentes facturas. As facturas emitiranse por acordo entre a adxudicadora e adxudicataria, sendo unha delas á finalización dos servizos.

Terán carácter contractual, alén do propio contrato de servizos, este documento de condicións de contratación e o protocolo de contratación de servizos da *Unión de Cooperativas EspazoCoop*.

INFORMACIÓN VINCULADA Á PRESTACIÓN DO SERVIZO

CADROS DE PERSOAL

O equipo de persoas e materiais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da empresa ou entidade adxudicataria.

A empresa licitadora deberá presentar na súa oferta o equipo de traballo que levará a cabo o servizo se resulta adxudicataria do contrato. Este equipo de traballo estará liderado por unha persoa coordinadora de proxecto que actuará como única interlocutora ante a *Unión de Cooperativas EspazoCoop*.

A empresa que resulte adxudicataria deberá acreditar, mediante currículo, os perfís profesionais do equipo de traballo que prestará os servizos, e indicará as funcións que desenvolverá cada un dos membros do equipo. Para a realización das prestacións obxecto do servizo, a empresa adxudicataria deberá adscribir ao contrato a persoas con formación e/ou experiencia demostrábel de como mínimo 5 anos nas devanditas prestacións e que deberán acreditar.

Na proposta técnica especificarase o volume de subcontratación e os recursos propios postos a disposición.

No caso de que se subcontraten entidades, valorarase que sexan empresas da Economía Social.

A *Unión de Cooperativas EspazoCoop* resérvase o dereito a solicitar o cambio de calquera das persoas compoñentes do equipo de traballo da empresa adxudicataria, no caso de considerar que non se adapta ao perfil ou calquera outro motivo técnico na formación ou calidade dos traballos desenvolvidos.

RECURSOS MATERIAIS

O prezo do contrato incluírá igualmente os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento do servizo. As empresas ou entidades adxudicatarias porán a disposición do servizo os medios materiais, técnicos e de instalacións necesarios para levar a cabo as prestacións obxecto do servizo, garantindo o seu mantemento durante toda a vixencia do contrato. Así como seguros de responsabilidade civil profesional, e demais seguros necesarios para a realización das distintas prestacións do servizo.

DIRECCIÓN E SEGUIMENTO DOS TRABALLOS

A dirección deste servizo por parte da Unión de Cooperativas EspazoCoop recaerá na persoa designada pola entidade. A empresa adxudicataria designará, de entre o seu equipo de traballo, a unha persoa que estará encargada da relación coa Unión de Cooperativas EspazoCoop, a efectos de estar coordinados, e de trasladar todas as instrucións e pautas de seguimento que a Unión estime oportunas para a correcta execución do traballo.

A adjudicataria non poderá efectuar ningunha modificación no programa dos traballos ofertados sen a previa autorización da *Unión de Cooperativas EspazoCoop*.

Durante a execución dos traballos obxecto deste contrato, a empresa adjudicataria comprométese a facilitarlle en todo momento á *Unión de Cooperativas EspazoCoop* e, se é o caso, ás persoas designadas por esta para tales efectos, a información e documentación que soliciten para dispoñer dun pleno coñecemento e circunstancias nas que se desenvolvan os traballos, así como dos eventuais problemas que poidan presentarse e das tecnoloxías, métodos e ferramentas utilizadas para resolvelos.

A empresa deberá asistir a todas cantas reunións de coordinación e seguimento sexan convocadas pola *Unión de Cooperativas EspazoCoop*.

IMAXE CORPORATIVA

No material e contido realizado en execución deste contrato deberá incluírse a imaxe de *EspazoCoop*, da *Deputación Provincial da Coruña de Coceta*, e de *Santiago de Compostela Capital Española da Economía Social 2022*.

CONSULTAS

As licitadoras poderán dirixirse, para as súas consultas, ao teléfono 981575578 ou ao correo electrónico info@espazo.coop.

Persoa de contacto: Mar Pernas Márquez.

En Santiago de Compostela | Na data da sinatura electrónica deste documento.

Asdo : M^a del Mar Pernas Márquez | Apoderada da Unión de Cooperativas EspazoCoop

ANEXO I
MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

(Nome da persoa) , con DNI/NIF en nome e representación de con domicilio en provincia de enterado/a das condicións e requisitos que se exigen para a adxudicación polo procedemento aberto regulado no procedemento interno de contratación de EspazoCoop do contrato , comprométese en nome de (*en nome propio ou da Empresa a quen representa*), a tomar ao seu cargo a execución do mesmo, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións e pola CANTIDADE de € IVE EXCLUÍDO. (Importe de IVE) (*)

(*) Na proposición deberá indicarse como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido

..... de de

Data e Sinatura da LICITADORA